

AMPLIACIÓN DAS BASES DE AXUDAS DO CONCELLO DE MUXÍA PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR.

Tendo en conta que no municipio de Muxía non hai centros nos que se imparta bacharelato nin FP, nas bases destas axudas contemplouse incluír a rapaces/as que estudiaran bacharelato fóra de Muxía, mais é unha realidade que hoxe en día hai moitos mozos/as que se inclinan polos ciclos de FP e non fan bacharelato, polo que consideramos tamén importante incluír os ciclos de FP (medio e superior) nas nosas bases.

Por outra parte, e existindo algún caso de persoas que non puideron formular a solicitude por problemas coa súa sinatura electrónica, ou outros

Existindo consignación orzamentaria para elo, e ata o límite da mesma

Resolvo :

Modificar as bases das bolsas , no seguinte senso:

2.- PERSOAS BENEFICIARIAS E REQUISITOS

Para optar ao beneficio de bolseiro/a deberán reunirse os seguintes requisitos:

- A solicitude será formulada polo pai, nai ou titor/a ou representantes legais dos menores que se encontren escolarizados nos centros públicos de ensino infantil, primaria e secundaria de Muxía ou en centros públicos de Bacharelato de Galicia.
- Estar empadroad/a no concello de Muxía tanto o/a alumno/a como a persoa solicitante da axuda e convivir no mesmo domicilio.
- Estar matriculado o/a alumno/a para o curso escolar correspondente á convocatoria nun centro educativo público de educación infantil, primaria ou ESO do municipio de Muxía ou en centro de Bacharelato e FP (de FP só rapaces/as de idade igual ou menor a 18 anos) da nosa Comunidade Autónoma.
- Presentar a solicitude e a documentación necesaria nos prazos estipulados.
- Non ser debedor da Facenda Municipal, autonómica e estatal.
- Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario e coas obrigas que iso supón, tal e como se establece na Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Abrir un novo prazo de 10 días para que se presenten as solicitudes de estudantes de FP e doutros dos estudos aos que estas bases se refiren,